

Código do documento	Código do expediente
<b>USG15I002N</b>	<b>USG/2021/1</b>
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
0J0R 2E70 3Q2N 0L2O 065W	

**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 7 DE XANEIRO DE 2021.**

**PRESIDENTA:**

A alcaldesa en funcións, D.<sup>a</sup> María Guadalupe Pombo Carril

**ASISTENTES:**

D. Juan Carlos Iglesias Lovelle  
D.<sup>a</sup> Marta María Figueroa Fuentes  
D. Carlos Liñares Gestal  
D.<sup>a</sup> Marta María Iglesias Becerra  
D. Abraham Seijas González  
D.<sup>a</sup> Yessica Méndez Sánchez

**INTERVENTORA MUNICIPAL:**

D.<sup>a</sup> Vanesa García Barreiro

**SECRETARIA XERAL:**

D.<sup>a</sup> Pilar María Pastor Novo

Na Casa Consistorial do Concello de Culleredo (A Coruña), sendo as trece horas e trinta e dous minutos do día sete de xaneiro do ano dous mil vinte e un, reúnese a Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria, co obxecto de celebrar sesión extraordinaria baixo a Presidencia da Sra. alcaldesa en funcións, D.<sup>a</sup> María Guadalupe Pombo Carril (Resolución da alcaldía de data sete de xaneiro de dous mil vinte e un), e coa asistencia dos/as Sres./as concelleiros/as, D. Juan Carlos Iglesias Lovelle, D.<sup>a</sup> Marta María Figueroa Fuentes, D. Carlos Liñares Gestal, D.<sup>a</sup> Marta María Iglesias Becerra, D. Abraham Seijas González e D.<sup>a</sup> Yessica Méndez Sánchez.

Asiste á sesión a Sra. interventora municipal, D.<sup>a</sup> Vanesa García Barreiro.

Actúa como secretaria a Sra. secretaria xeral do Concello, D.<sup>a</sup> Pilar María Pastor Novo.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 107 do Regulamento Orgánico Municipal (BOP núm. 162 do 16-07-2004) para a válida celebración das sesións, declara aberta a sesión, pasándose ao estudio e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

**1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA EN DATA 28 DE DECEMBRO DE 2020.**

De conformidade co preceptuado no artigo 79.1 e 107.4 do ROM, (BOP núm. 162 do 16-07-2004), a Presidencia pregunta se existe algunha obxección ou observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día 28 de decembro de 2020, da que se entregou copia do borrador coa convocatoria desta sesión, e non producíndose ningunha, pola Presidencia sométese a votación ordinaria a súa aprobación, sendo aprobada por seis votos a favor (da Sra. alcaldesa en funcións, D.<sup>a</sup> María Guadalupe Pombo Carril, e dos/as Sres./as concelleiros/as Iglesias Lovelle, Figueroa Fuentes, Iglesias Becerra, Seijas González e Méndez Sánchez) e coa abstención do Sr. concelleiro Liñares Gestal, o cal manifesta que se abstén por non ter asistido á sesión á que se refire a acta.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a acta da sesión ordinaria realizada o día 28 de decembro de 2020.

**2.- DACIÓNS DE CONTA.**

**2.1.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS. PUBLICACIÓNS OFICIAIS.**

A Presidencia dá conta aos asistentes á Xunta de Goberno Local das seguintes publicacións:

**Publicacións:**

- Anuncio do 17 de decembro de 2020, do Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana -Dirección Xeral de Aviación Civil-, polo que se notifica a ampliación do prazo da fase de información pública da delimitación das servidumes aeronáuticas acústicas do Aeroporto da Coruña. BOE núm. 339 do 29-12-2020.
- Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación. BOE núm. 340 do 30-12-2020.

Código do documento	Código do expediente
<b>USG15I002N</b>	<b>USG/2021/1</b>
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
 <b>0J0R 2E70 3Q2N 0L2O 065W</b>	

- Resolución do 22 de decembro de 2020, do Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana -Dirección Xeral de Aviación Civil-, pola que se acorda a ampliación do prazo a instancia de parte do prazo de información pública do expediente 113-AENA/20 "Aeropuerto de A Coruña. Expropiación de los terrenos necesarios para la ampliación de la franja de pista", en el término municipal de Culleredo (A Coruña). BOE núm. 341 do 31-12-2020.
- Anuncio do 4 de decembro de 2020, do Concello de Culleredo, de requirimento de xestión da biomasa (expediente UME/2019/212). DOG núm. 260 do 29-12-2020.
- Anuncio do 4 de decembro de 2020, do Concello de Culleredo, de requirimento de xestión da biomasa (expediente UME/2019/608). DOG núm. 260 do 29-12-2020.
- Anuncio do 15 de decembro de 2020, do Concello de Culleredo, de requirimento de xestión da biomasa (expediente UME/2020/220). DOG núm. 1 do 04-01-2021.
- Anuncio do 15 de decembro de 2020, do Concello de Culleredo, de requirimento de xestión da biomasa (expediente UME/2020/324). DOG núm. 1 do 04-01-2021.
- Extracto da resolución número 41279 do 16 de decembro de 2020, da Deputación Provincial da Coruña, pola que se aproba a convocatoria do "Programa de Financiación dos Servizos Sociais Comunitarios Municipais no ano 2021". BOP núm. 223 do 29-12-2020.
- Anuncio do 23 de decembro de 2020, da Deputación Provincial da Coruña, relativo á aprobación das bases reguladoras da convocatoria do programa de subvencións dirixido a entes de xestión, asociacións, mancomunidades e consorcios turísticos para a mellora da calidade, competitividade e actividades turísticas, da provincia da Coruña, no ano 2021. BOP núm. 223 do 29-12-2020.
- Resolución do 22 de decembro de 2020, do Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana, pola que se acorda a ampliación do prazo a instancia de parte do prazo de información pública do expediente 113-AENA/20 "Aeropuerto de A Coruña. Expropiación de los terrenos necesarios para la ampliación de la franja de pista", en el término municipal de Culleredo (A Coruña). BOP núm. 224 do 30-12-2020.
- Anuncio do 28 de decembro de 2020, do Concello de Culleredo, relativo á aprobación da oferta de emprego público para o exercicio 2020. BOP núm. 224 do 30-12-2020.
- Anuncio do 28 de decembro de 2020, do Concello de Culleredo, relativo aprobación da oferta de emprego público complementaria á oferta de emprego público do exercicio 2019. BOP núm. 224 do 30-12-2020.
- Anuncio do 22 de decembro de 2020, do Concello de Culleredo, relativo á modificación das delegacións xenéricas. BOP núm. 225 do 31-12-2020.
- Resolución do 29 de decembro de 2020, da Deputación Provincial da Coruña, pola que se dispón avogar a aprobación das bases do programa de subvencións a concellos e outras entidades locais para o financiamento do persoal técnico ou axentes de igualdade no ano 2021 e se aproban as ditas bases. BOP núm. 225 do 31-12-2020.
- Anuncio do 30 de decembro de 2020, da Deputación Provincial da Coruña, relativo á aprobación da modificación das bases reguladoras do Plan provincial de cooperación as obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos ) POS+2021 para modificar as Bases 7 e 9 para regular a utilización do contrato menor nas obras incluídas no Plan, e a Base 12 para a ampliación do obxecto do POS+Adicional 1/2021 para gastos sociais extraordinarios". BOP núm. 225 do 31-12-2020.
- Anuncio do 28 de decembro de 2020, da Deputación Provincial da Coruña, relativo ás Bases reguladoras, en réxime de concorrencia non competitiva, do Programa de subvencións a concellos e outras entidades

Código do documento	Código do expediente
<b>USG15I002N</b>	<b>USG/2021/1</b>
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
0J0R 2E70 3Q2N 0L2O 065W	

locais para o mantemento ou contratación de persoal técnico nos servizos municipais de deporte en 2021. BOP núm. 225 do 31-12-2020.

- Anuncio do 29 de decembro de 2020, do Concello de Culleredo, de exposición pública do padrón da taxa pola prestación do servizo de distribución de auga e polo servizo de depuración de augas residuais, así como do canon da auga correspondente ao 4º trimestre de 2020. BOP núm. 1 do 04-01-2021.
- Extracto da Resolución núm. 41318/2020, do 16 de decembro, da Deputación Provincial da Coruña, pola que se aproba a convocatoria do "Programa de subvencións dirixido aos concellos e agrupacións de concellos da provincia da Coruña de menos de 50.000 habitantes para a financiación do gasto de persoal das oficinas de turismo durante o exercicio 2021. BOP núm. 1 do 04-01-2021.
- Anuncio do 30 de decembro de 2020, do Concello de Culleredo, relativo aos Padróns do prezo público polas prestacións de apoio á autonomía persoal e atención á dependencia (PAAD) do mes de maio e xuño de 2020. BOP núm. 2 do 05-01-2021.

## **2.2.- RESOLUCIÓNS E ACTIVIDADES DAS DISTINTAS CONCELLERÍAS DELEGADAS.**

Non se somete ningún asunto neste punto da orde do día.

## **3.- ROGOS E PREGUNTAS.**

Non se formulan.

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as trece horas e corenta minutos do mencionado día, estendéndose para a debida constancia a presente acta do que eu, secretaria xeral, dou fe.

Visto e prace

A alcaldesa en funcións

(Asinado dixitalmente nesta data pola Sra. concelleira delegada de Política Social e Promoción do Deporte que actuou como alcaldesa en funcións nesta sesión)

(Asinado dixitalmente)